

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN POLA QUE SE SELECCIONA A ENTIDADE COLABORADORA AO ABEIRO DA ORDE DO 21 DE SETEMBRO DE 2022 POLA QUE SE CONVOCA O PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA PARA A SELECCIÓN DUNHA ENTIDADE COLABORADORA PARA A ENTREGA E DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DAS AXUDAS DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DOS BONOS ACTIVA COMERCIO (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CO301A)

FEITOS

Primeiro.- Mediante a Orde do 21 de setembro de 2022 (DOG núm. 188, do 03.10.2022) convócase o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio (código de procedemento CO301A).

Segundo.- De conformidade co artigo 7 da antedita orde, o prazo máximo de presentación de solicitudes é de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*, comenzando o dito prazo o día 04.10.2022 e rematando o día 08.10.2022.

Terceiro.- Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, preséntase un total de 1 solicitude que se relaciona a continuación:

EXPEDIENTE	RAZÓN SOCIAL	NIF
CO301A-2022-01	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.	A70302039

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- A persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo é competente para resolver este procedemento por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Orde do 21.03.2022 - DOG núm. 63, do 31.03.2022).

Segunda.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a posibilidade de contar con entidades colaboradoras no procedemento de xestión e pagamento de axudas



públicas. Neste sentido, o seu artigo 9 establece que será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos ás persoas beneficiarias cando así se estableza nunhas bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención.

Así mesmo, o artigo 13.4 da antedita lei dispón que cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizárase mediante convenio, salvo que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Terceira.- De conformidade co disposto na citada orde de convocatoria e visto o informe do órgano instrutor así como a proposta elaborada pola comisión de valoración consonte cos criterios de selección establecidos no artigo 6 da dita orde, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo

PROPÓN:

Primeiro.- Seleccionar á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., co NIF A70302039, como entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Para estes efectos, subscribírase o oportuno convenio de colaboración coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Segundo.- Expedir o documento contable "D" por importe de 60.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.751A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Terceiro.- Publicar e esta resolución na páxina web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Cuarto.- Notificar esta resolución á entidade interesada en cumprimento dos artigos 11 e 12 da orde de convocatoria.



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben formular directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses de conformidade cos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados ambos os dous prazos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A subdirectora xeral de Comercio
Marta López Quintás (asinado dixitalmente)

Tras examinar a proposta que antecede, veño a darlle a miña conformidade nos termos expostos elevándoa a **RESOLUCIÓN**.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación
P.D. (Orde do 21.03.2022 - DOG núm. 63, do 31.03.2022)
O director xeral de Comercio e Consumo
Manuel Heredia Pérez (asinado dixitalmente)

